



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL

Curso académico: 2017/2018

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Acollemento residencial vs familia biolóxica:
repercusións ocupacionais na transición á
etapa adulta**

Patricia López Fontán

Xuño 2018

Directores do traballo de fin de grao:

David Luaces Gudín. Diplomado en Terapia Ocupacional.

Javier Muñiz García. Doctor en Medicina e Cirurxía.

Índice

1. Resumo e palabras clave:	4
1.1 Resumen y palabras clave.....	5
1.2 Summary and key words	6
2. Antecedentes e estado actual do tema:	7
2.1 Protección de menores.....	8
2.1.1 Risco e desamparo	8
2.1.2 Tutela e garda	9
2.1.3 Acollemento residencial e familiar	10
2.2 Infancia e adolescencia:	11
2.3 Transición á vida adulta e ocupación.....	14
2.3.1 Transición e efectos a longo prazo.....	14
2.4 Terapia ocupacional	16
3. Bibliografía	19
4. Hipótese:	26
5. Obxectivo:	27
5.1 Obxectivo xeral	27
5.2 Obxectivos específicos	27
6. Metodoloxía.....	28
6.1 Tipo de estudo	28
6.2 Poboación e ámbito de estudo	28
6.3 Busca bibliográfica.....	29
6.4 Entrada ao campo	30
6.5 Estimación do tamaño da mostra	31
6.6 Selección da mostra	31
6.7 Variables de estudo:	32

6.8	Análise estatístico	34
6.9	Limitacións do estudo e aplicabilidade.....	34
7.	Plan de traballo	36
7.1	Cronograma.....	37
8.	Aspectos éticos	38
9.	Conflito de intereses.....	39
10.	Plan de divulgación en revistas científicas e congresos	40
10.1	Revistas	40
10.2	Congresos	43
10.3	Comunidade	43
11.	Recursos e financiación	44
11.1	Recursos.....	44
11.2	Financiación.....	44
12.	Apéndices	46
	Apéndice I: Folla de información	47
	Apéndice II: Consentimento informado.....	51
	Apéndice III: Entrevista ocupacional.....	52

1. Resumo e palabras clave:

Título: acollemento residencial vs familia biolóxica: repercusións ocupacionais na transición á etapa adulta.

Introdución: a protección de menores é un tema fundamental tanto a nivel nacional como internacional. Dentro de España, contéplanse estratexias e plans específicos que buscan paliar os posibles efectos do paso polo sistema de protección de menores.

A pesares destes esforzos nacionais e autonómicos, segue a existir unha brecha entre aqueles menores que se crían nas súas familias biolóxicas e os que crecen baixo o amparo do estado.

Dende a terapia ocupacional pode apreciarse a ausencia de investigacións no global das ocupacións deste colectivo e as súas posibles repercusións sobre a saúde actual e futura, e se a transición á etapa adulta pode ser un momento de intervención crucial para actuar sobre os posibles efectos de crecer en acollemento residencial.

Obxectivo: comparar o desempeño ocupacional entre aqueles menores que se desenvolven coa súa familia biolóxica e os que se atopan institucionalizados no sistema de protección de menores, durante a súa transición á vida adulta.

Metodoloxía: estudo transversal comparativo entre dúas poboacións de menores pertencentes á provincia de A Coruña: menores en familia biolóxica e menores institucionalizados. Os datos recolleranse nunha entrevista ocupacional realizada pola investigadora e analizaranse co programa estatístico IBM SPSS 24.

Palabras clave: menores en acollida, sistema de protección de menores, terapia ocupacional, transición á etapa adulta.

Tipo de traballo: proxecto de investigación.

1.1 Resumen y palabras clave

Título: acogimiento residencial vs familia biológica: repercusiones ocupacionales en la transición a la etapa adulta.

Introducción: la protección de menores es un tema fundamental tanto a nivel nacional como internacional. Dentro de España, se contemplan estrategias y planes específicos que buscan paliar los posibles efectos del paso por el sistema de protección de menores.

A pesar de estos esfuerzos nacionales y autonómicos, sigue existiendo una brecha entre aquellos menores que se crían en sus familias biológicas y los que crecen bajo el amparo del Estado.

Desde la terapia ocupacional se puede apreciar la ausencia de investigación sobre las ocupaciones de este colectivo, y sus posibles repercusiones sobre la salud actual y en la futura. También si la transición a la adultez puede ser un momento de intervención crucial para evitar los posibles efectos de crecer en acogimiento residencial

Objetivo: comparar el desempeño ocupacional entre aquellos menores que se desarrollan con su familia biológica y los que se encuentran institucionalizados en el sistema de protección de menores, durante su transición a la etapa adulta.

Metodología: estudio transversal comparativo entre dos poblaciones de menores pertenecientes a la provincia de A Coruña: menores en familia biológica y menores institucionalizados. Los datos se recogerán en una entrevista ocupacional realizada por la investigadora y se analizarán con el programa estadístico IBM SPSS versión 24.

Palabras clave: acogimiento residencia, sistema de protección de menores, terapia ocupacional, transición a la vida adulta.

1.2 Summary and key words

Title: child residential care vs biological family: occupational repercussions in adulthood transition.

Introduction: children welfare services is a national and international fundamental topic. In Spain, there are specific strategies and plans, which goals are to palliate the possible effects of going through the children welfare services.

Although these national and autonomic efforts, there is still a breach between those under-age who are raised by their biological families and the ones who grow up under state care.

From occupational therapy it is seen the lack of investigations about this group's occupations and their possible repercussions on their present and future health. Also if the transition to adulthood can be a moment of crucial intervention to avoid the possible effects of growing up in the system.

Objective: comparing the occupational performance between those under-age who develop with their biological family and the ones who are institutionalized in children welfare services, during their adulthood transition.

Methodology: a cross-sectional study between two populations of under-age from the province of A Coruña: the young ones in biological family and the institutionalized ones. The data will be recollected in a occupational interview made by the researcher and will be analysed with the statistic program IBM SPSS version 24.

Key words: child residential care, children welfare services, occupational therapy, adulthood transition.

Type of work: research draft.

2. Antecedentes e estado actual do tema:

Ao longo deste proxecto estudarase a situación dos menores en acollemento en España, enfocándose especialmente na situación dos mesmos en Galicia. Considérase que estes menores parten dunha situación de desvantaxe en comparación cos seus iguais en familia biolóxica, polo que se estima oportuna a creación de estudos que teñan como foco o análise específico desta realidade dende unha perspectiva centrada na terapia ocupacional.

Esta necesidade de coñecemento, non soamente na área da disciplina mencionada anteriormente, ven determinada polos plans creados tanto a nivel nacional¹ como a nivel autonómico². Estes teñen como foco a creación e instauración de propostas e proxectos centrados nos menores, nunha melloría na súa situación vital e no seu porvir, así como na súa calidade de vida e, polo tanto, na súa saúde³.

Este proxecto buscará a comparación entre as ocupacións desenvoltas por aqueles menores institucionalizados e aqueles que crecen coa súa familia biolóxica, dentro da etapa da transición á vida adulta. A finalidade será coñecer esta realidade e poder discernir as posibles diferencias que leven a un desenvolvemento distinto entre ambos grupos, coas conseguintes repercusións na etapa adulta⁴.

Para elo, analizarase a situación dos menores en acollemento tanto ao nivel rexional como global, para relacionalo coa terapia ocupacional e a saúde.

Revisarase a bibliografía relevante dende a devandita disciplina e os menores en acollemento, coa finalidade de coñecer a investigación sobre o tema e propoñer os obxectivos da investigación.

2.1 *Protección de menores.*

Actualmente en España, a protección de menores defínese polo conxunto de medidas legais e institucionais que teñen como obxectivo a busca do pleno desenvolvemento en todas as esferas (social, económica, educativa, etc.) que afectan a este colectivo e a prevención do maltrato nos mesmos. Considérase que poden ser vítimas de manipulación, e o deber do estado é intervir para garantir a súa integridade persoal, a súa participación co entorno a súa autonomía tanto actual como futura¹.

A visión neste momento non é soamente a de protexer cubrindo todas as súas necesidades, senón asegurar un futuro para todas estas persoas⁵. Con esta finalidade, pódense diferenciar distintos conceptos en relación á protección de menores.

2.1.1 *Risco e desamparo*

Para falar da protección de menores é necesario definir aquelas situacións nas que a integridade ou o adecuado desenvolvemento se poden ver afectadas. Estas situacións defínense a nivel legal como risco e desamparo⁶:

> Risco

A persoa menor, debido ás súas circunstancias persoais ou familiares, vese prexudicada no seu desenvolvemento, polo que se precisa da intervención da administración pública, pero sen chegar a separala menor do seu núcleo familiar.

> Desamparo

Considérase que un menor se atopa nunha situación de desamparo cando non están presentes os elementos básicos para o desenvolvemento pleno da personalidade. Non se aprecia desamparo sempre que teña cubertas

estas necesidades e condicións de desenvolvemento, independentemente do entorno no que se atope.

2.1.2 Tutela e garda

Cando se dá unha das situacións mencionadas anteriormente, en España cóntase con mecanismos de actuación nas mesmas. Son a tutela e a garda⁷:

› Tutela

O menor atópase tutelado polo Estado. As tutelas “*ex lege*” son todas aquelas resolucións que se adoptan no caso de desamparo, implicando garda.

› Garda

As persoas menores atópanse baixo unha medida que supón a garda da mesma. Dado que a tutela implica garda, vense excluídos do anterior apartado.

Atopamos diversas modalidades: as provisionais, en casos urxentes de atención inmediata, as voluntarias cando os pais ceden a garda do menor á entidade pública e as xudiciais sen declaración de desamparo, nas que a pesar de que os pais seguen asumindo responsabilidades de protección do mesmo, tómanse medidas de protección dende os xulgados.

2.1.3 *Acollemento residencial e familiar*

Nos casos nos que a tutela remata en mans do Estado, este conta cunha serie de recursos para afrontar esta situación. Son o acollemento residencial e o familiar⁷:

› Acollemento residencial

Defínese como acollemento residencial a medida protectora que implica o ingreso dun menor nun centro colaborador dunha asociación ou público. O acollemento residencial é necesario nos casos das tutelas “ex lege” mencionadas anteriormente, no caso de que unha resolución xudicial ditamine este tipo de ingreso, en casos de garda voluntaria ou provisional ou por outras causas.

Os tipos de centros para este réxime son⁸:

- Centros con fogares: equipamentos residenciais cun máximo de 10 prazas.
- Minirresidencias: sitúanse dentro de vivendas normalizadas e contan cun máximo de 15 prazas.
- Casas de familia, que se sitúan en vivendas normalizadas cun máximo de 8 prazas.
- Vivendas tuteladas: espazos creados para os menores que están próximos a cumprir 18 anos, con 8 prazas máximo.
- Vivendas de transición á vida autónoma/ asistidas: pensadas para maiores de idade que están en proceso de consecución da súa autonomía, auto xestionados e coa supervisión externa dun educador/a.

› Acollemento familiar:

Este tipo de programa é exercido por familias que, en colaboración coa administración pública, buscan substituír temporal ou permanentemente a vida familiar do menor. Este tipo de acollemento conta con varias modalidades: simple, permanente e preadoptivo.

- Acollemento temporal: prevese unha reinserción da persoa menor á súa familia.
- Acollemento permanente: aqueles casos nos que non se prevé nin o retorno do menor á familia nin a adopción do mesmo
- Acollemento preadoptivo: como o seu nome indica, é o preámbulo á adopción do menor por parte da familia de acollida.

Tamén cabe mencionar os dous tipos de familias que forman parte de esta modalidade de acollemento: a familia extensa, que é parte da familia do menor e a familia allea, coa que non comparte lazos de sangue.

2.2 Infancia e adolescencia:

A infancia e adolescencia son etapas fundamentais no desenvolvemento en todos os ámbitos dunha persoa⁹. Un dos principais axentes para o crecemento destas etapas é a familia biolóxica, sendo un dos escenarios máis frecuentes e de máis influencia dentro deste momento vital¹⁰.

Pero esta familia non sempre está presente ou non sempre o fai dun xeito que soporte un desenvolvemento adecuado e seguro. Calcúlase que a nivel mundial, 150 millóns de “*nenos da rúa*”¹¹ atópanse privados dunha familia, ou dunha institución substituta que se encargue de favorecer o seu desenvolvemento e facer cumprir os seus dereitos, como a preparación adecuada en todos os ámbitos da súa vida, a ver cubertas as súas necesidades, gozar de saúde e benestar ou a participar nas actividades que escollan, de forma libre. Estes dereitos veñen recollidos en

documentos como a *Carta europea dos Dereitos do Neno*¹² ou *Convención sobre os dereitos do neno*¹³.

Historicamente, a nivel nacional foi o Estado o que se fixo cargo desta mocidade, sendo internada en establecementos como orfanatos nas que se reunían centos de menores con motivos de ingreso variados e que pasaban toda a súa infancia e adolescencia nos mesmos¹⁴.

A partires dos anos 80 comezaron a crearse institucións mais pequenas que compartían recursos co lugar no que se localizaban, favorecendo así a integración dos menores na sociedade. Tamén, comeza a priorizarse o acollemento familiar como primeira opción de atención á infancia a partir dos anos 90¹⁴. Isto constátase na *Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil*⁶.

En España, as últimas cifras publicadas no 2015 achegan que 42.628 menores se viron atendidos polo sistema de protección neste ano. Destes, 13.596 atopáronse en réxime de acollemento residencial. Móstrase que a pesar de que a maioría dos menores se atopan en familia, un 69% deles en familia extensa, segue a haber un amplo número que se atopa en mans das institucións para pasar esta etapa da súa vida⁷.

O estado español conta cun documento que recolle as intervencións específicas sobre este colectivo, o *II Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2013-2016 (PENIA II)*¹, cuxa finalidade non é outra que dar resposta ao exposto na *Convención dos Dereitos do Neno*¹². Con este plan propónse unha intervención dende todas as institucións que buscan ratificar os dereitos dos menores, entendendo estes como todas aquelas persoas menores de 18 anos, ao tempo que se traballa sobre os seus deberes e responsabilidades.

Por outra banda, a Xunta de Galicia realiza un informe anual no que se recolle a estatística da protección de menores¹⁵. O último informe dispoñible é o do ano 2015.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

Os datos globais da comunidade autónoma resúmense na táboa I. Nesta podemos ver que as cifras mantéñense estables entre os 2500 e os 2700 menores atendidos aproximadamente. Pódese apreciar un descenso no réxime familiar e un aumento do residencial co paso dos anos.

Ano	Residencial	Familiar			Total
		Total	Extensa	Allea	
2015	1249	1308	1088	163	2557
2014	1430	1326	854	159	2756
2013	1049	1451	981	170	2500
2012	1153	1588	1032	158	2741
2011	1139	1588	1020	162	2727

Táboa I. Progresión anual nº menores segundo o tipo de acollemento en Galicia. 2015. Elaboración propia

Na táboa II móstrase a distribución dos menores por provincias no ano 2015¹⁵. A provincia que ten maior número de menores en acollemento residencial é A Coruña, seguida de Pontevedra, mentres que no acollemento familiar é Pontevedra a que conta cun maior número de menores en familia allea e Coruña en familia extensa.

Provincia	Residencial	Familiar	
		Extensa	Allea
A Coruña	504	313	106
Lugo	178	40	12
Ourense	171	94	14
Pontevedra	396	641	31

Táboa II. Nº menores en acollemento por provincias. 2015. Elaboración propia.

Esta comunidade autónoma tamén conta coa *Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA) 2016-2020*², un grupo de intervencións que fundamentalmente busca e traballa sobre un desenvolvemento adecuado, centrado nas características específicas da etapa da infancia e adolescencia, con especial énfase nas situacións de vulnerabilidade que poidan afectar a calquera individuo dentro deste colectivo. Así mesmo,

conta con lexislación propia como a *Ley 2/2006, de 14 de junio, de derecho civil de Galicia*¹⁶, que regula o acollemento a protección de menores dentro desta comunidade autónoma.

2.3 Transición á vida adulta e ocupación.

2.3.1 Transición e efectos a longo prazo

Tras esta breve exposición da situación das persoas menores baixo a tutela estatal, cabe preguntarse as posibles repercusións que esta situación poida ter sobre o seu desenvolvemento e a adaptación á etapa adulta.

Hai autores e autoras que resaltan a importancia da transición á adultez, definida como o proceso para acadar a independencia económica, familiar e laboral¹⁷. Isto é debido aos aspectos focais da mesma, como un momento de cambio e de ruptura, en moitos casos afrontando desamparo e incerteza sobre o futuro que lles agarda. Este proceso varía amplamente en termos culturais, marcando unha experiencia diferente en función do país ou idiosincrasia no que se atope o menor, e supoñendo uns retos diferentes segundo o lugar e a época¹⁸.

Ao longo desta etapa a persoa prepárase para o establecemento do seu propio núcleo familiar, a saída do domicilio e o coidado parental e a busca de emprego que lle permita independencia económica. Os menores institucionalizados, ven forzada a súa independencia e a súa saída ao mundo laboral con maior celeridade que os seus iguais en familia biolóxica. Lonxe de facilitarlles o proceso de adaptación á etapa adulta debido á maior rapidez coa que a transición se produce nos menores institucionalizados, esta semella ser unha dificultade, resultando nun empeoramento das súas condicións na adultez¹⁹.

Este empeoramento aparece explicado en revisións sistemáticas que analizaron o impacto a longo prazo do paso polo sistema de protección de

menores en diversos países, entre eles España, como a publicada por Gypen et. al⁴.

Así, mostra que teñen maiores dificultades para acceder a unha educación, implicando un nivel educativo menor, facéndose especialmente relevante en canto aos estudos universitarios²⁰.

As taxas de emprego son inferiores entre esta poboación, así como os ingresos percibidos.

Do mesmo xeito, corren un maior risco de resultar en persoa sen fogar e de ter problemas mentais e de saúde, así como un meirande consumo de alcol, drogas e de ter frecuentemente problemas coa xustiza, sen atopar diferenzas entre aqueles menores que saen de acollemento residencial ou de acollemento familiar⁴.

Esta situación mostra que o feito de pasar polo sistema de protección de menores pode repercutir de forma negativa nas ocupacións, entendidas estas como as actividades da vida diaria que as persoas realizan tanto individualmente como coas comunidades para ocupar o tempo e dar significado e propósito á vida, incluíndo aquilo que queren e se espera que realicen²¹. Non soamente afecta a esta esfera, senón tamén á saúde e benestar tanto no momento no que se atopan como ao longo de toda a vida adulta.

Coa finalidade de facilitar este proceso, propóñense proxectos e intervencións centradas en este momento da vida, buscando facilitar esta transición^{22,23,24} e paliar os posibles efectos do paso polo sistema de protección de menores ao longo da infancia.

A pesares da creación de plans, leis, convenios e cartas dedicadas especificamente a protexer a este colectivo, seguen partindo dunha situación de desvantaxe en comparación cos seus iguais, polo que se necesita do compromiso xeral como sociedade para paliar esta circunstancia e asegurar a equidade nas oportunidades de futuro.

2.4 Terapia ocupacional

A protección de menores en España, na súa “*Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil*”⁵ considera que o mellor modo para garantir os dereitos dos menores é a través de favorecer a autonomía como suxeitos, buscando que poidan construír unha situación de control sobre si mesmos, o seu entorno e sobre o seu futuro.

Neste contexto, o papel da terapia ocupacional cobra relevancia. Esta disciplina contempla como prioritaria a participación nas ocupacións, fundamentais para alcanzar unha adecuada autonomía persoal e control sobre a propia vida. Estas céntranse na situación da persoa e atenden a todas aquelas características propias coas que sexa necesario traballar incluíndo aspectos culturais, de diversidade ou relacionados cunha etapa en concreto da vida^{3,25,26}.

As ocupacións ou actividades diarias non soamente cobran relevancia polo seu valor intrínseco e pola utilización do tempo en actividades presentes e futuras que para os menores poidan resultar significativas, senón que estas relaciónanse directamente con conceptos como a saúde²⁷.

En conxunto coa mesma^{28,29}, estas son ferramentas indispensables para a súa consecución e mantemento, tanto a nivel individual como medio para participar nas distintas esferas do desenvolvemento persoal, como a participación social e comunitaria.

Deste xeito, móstrase o valor e a necesidade de coñecer estas ocupacións e as súas repercusións futuras, como mecanismo preventivo de posibles problemas de saúde relacionados coa ausencia ou desequilibrio das mesmas.

Por outra banda, o paso polo sistema de protección de menores mostra uns efectos a longo prazo, anteriormente sinalados⁴. Entre estas consecuencias, aparecen comprometidas as actividades fundamentais

tanto da etapa adulta como da transición á mesma, como se mostra no estudo de López et. al.²² no que se sinalan dificultades ata en actividades instrumentais como poñer unha lavadora.

Amósase, polo tanto, que a transición ocupacional que se produce durante a transición á vida adulta, onde a independencia e a economía van cobrando máis relevancia, non se produce do mesmo xeito que nos seus iguais en familia biolóxica. Esta transición ocupacional é clave para a adaptación e a adecuación á adultez, sendo o momento de aprendizaxe sobre elementos focais desta como a adquisición dun nivel educativo que permita o acceso a un traballo ou o desenvolvemento de hábitos que permitan o establecemento dunha vida familiar independente.

A pesar das implicacións ocupacionais que ten a pertenza ao sistema de protección de menores, dentro da disciplina non existe un gran número de intervencións relacionadas con este ámbito en xeral, senón que se realizan de forma específica sobre un grupo dentro do colectivo como no artigo de Hernández Crispín³⁰, que se centrou en persoas con discapacidade dentro dos pisos tutelados.

Existe bibliografía dende outras disciplinas que abrangue a descrición da situación dos menores e do seu entorno. A información está concentrada nos centros e na evolución dos menores dentro dos mesmos.

Consultando a documentación existente parece imperante a necesidade de crear coñecemento sobre os posibles efectos dentro das súas ocupacións do paso polo sistema, en todas as esferas da vida destas persoas, presentes e futuras.

Para coñecer a situación excepcional ou as dificultades a nivel de actividades diarias coas que poder intervir adecuadamente e partindo dunha base xeral, sería necesario realizar estudos focalizados nas mesmas que comparasen as diferencias entre a poboación xeral e a de menores en acollemento, co fin de establecer aquelas áreas que precisen con mais urxencia dunha intervención específica.

Concretamente, tras unha análise da bibliografía máis relevante dentro da disciplina da terapia ocupacional, parece necesario explorar en profundidade as diferencias entre os menores que están pasando ou van pasar pola transición á vida adulta, para coñecer se existe diversidade dentro das súas ocupacións entre os pertencentes á poboación xeral e ao sistema de protección de menores.

Esta conclusión débese á súa proximidade coa saída do sistema coa conseguinte independencia. Como se mencionou anteriormente, esta parece ser unha etapa fundamental dentro da vida de cada persoa, que cobra especial relevancia nos menores en acollida.

A finalidade deste tipo de estudos non sería outra que realizar intervencións temperás, no caso de ser necesario, coa intención de mellorar aquelas actividades fundamentais realizadas durante a transición e na adultez⁴.

A demais das implicacións sociais, a nivel económico, permite a realización de intervencións focalizadas naquelas áreas que se poidan ver máis afectadas. Isto podería supoñer un aforro nos recursos económicos ao realizar intervencións máis específicas sobre os menores institucionalizados.

3. Bibliografía

1. Dirección general de Servicios para la Familia y la Infancia. II Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2013-2016 (PENIA II). [Internet]. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.; 2013 abr. Disponible en: http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudos_e_informes/II_PENIA_2013-2016.pdf
2. Consellería de Política Social. Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2016-2020 [Internet]. Xunta de Galicia; 2016 2020. Disponible en: http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudos_e_informes/EGIA_borrador_19-11-15.pdf
3. WFOT. Statement on Occupational Therapy [Internet]. 2011. Disponible en: <http://www.wfot.org/Portals/0/PDF/STATEMENT%20ON%20OCCUPATIONAL%20THERAPY%20300811.pdf>
4. Gypen L, Vanderfaeillie J, De Maeyer S, Belenger L, Van Holen F. Outcomes of children who grew up in foster care: Systematic-review. Child Youth Serv Rev [Internet]. 1 de mayo de 2017 [citado 7 de enero de 2018];76(Supplement C):74-83. Disponible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S019074091730213X>
5. Jefatura del Estado. Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil. [Internet]. BOE-A-1996-1069 1996. Disponible en: <http://www.boe.es/buscar/pdf/1996/BOE-A-1996-1069-consolidado.pdf>

6. Allueva Aznar L. Situaciones de riesgo y desamparo en la protección de menores. InDret [Internet]. abril de 2011; Disponible en: http://www.indret.com/pdf/854_es.pdf
7. Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad. Boletín de datos estadísticos de medidas de protección a la infancia. [Internet]. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e igualdad Centro de publicaciones; 2015. Disponible en: <http://www.msssi.gob.es/ssi/familiasInfancia/Infancia/pdf/Boletinproteccion18provisionalcorrecto.pdf>
8. Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Estadística de Protección de Menores 2015. [Internet]. Xunta de Galicia; 2015. (Plan Galego de Estatística.). Report No.: 25-601. Disponible en: http://politicasocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Publicacions/estadistica_menores_2015.pdf
9. Bordignon NA. El desarrollo psicosocial de Eric Erikson. El diagrama epigenético del adulto. Rev Lasallista Investig [Internet]. 2005 [citado 8 de enero de 2018];2(2). Disponible en: <http://www.redalyc.org/resumen.oa?id=69520210>
10. Serrano JS. Parentalidad, vínculo conyugal y psicopatología en la infancia y adolescencia [Internet] [<http://purl.org/dc/dcmitype/Text>]. Universidad de Extremadura; 2013 [citado 23 de enero de 2018]. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=26465>
11. Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura. Niños de la calle [Internet]. Disponible en: <http://www.unesco.org/new/es/social-and-human-sciences/themes/fight-against-discrimination/education-of-children-in-need/street-children>

12. Parlamento Europeo. Carta europea de los Derechos del Niño [Internet]. 1992. Disponible en: <http://www.madrid.es/UnidadesDescentralizadas/InfanciayFamilia/De stacamos/Legislacion%20Infancia%20y%20Familia/Carta%20Europe a%20de%20los%20Derechos%20del%20Niño%20de%201992.pdf>
13. Naciones Unidas. Convención sobre los derechos del niño. [Internet]. 1989. Disponible en: <http://www.madrid.es/UnidadesDescentralizadas/InfanciayFamilia/De stacamos/Legislacion%20Infancia%20y%20Familia/Convencion%20 Derechos.pdf>
14. Bravo A, del Valle JF. Crisis y revisión del acogimiento residencial. Su papel en la protección infantil. Papeles de psicólogo [Internet]. 2009;30(1):42-52. Disponible en: <http://www.papelesdelpsicologo.es/pdf/1655.pdf>
15. Xunta de Galicia. Política Social. Estadística de menores. [Internet]. Disponible en: http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/estudoseinformes?p_p_id=ip ecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_stat e=normal&p_p_col_id=column- 3&p_p_col_count=1&_ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_c ontent=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FEstudios_e_infor mes%2Fdocumento_0011.html
16. Comunidad Autónoma de Galicia. Ley 2/2006, de 14 de junio, de derecho civil de Galicia [Internet]. Sec. BOE 91, 14563 ago 11, 2006. Disponible en: <https://www.boe.es/boe/dias/2006/08/11/pdfs/A30073- 30100.pdf>
17. Rivera Cuello M. Análisis biopsicosocial de los menores en programa residencial básico en la provincia de Granada [Internet]. Granada:

Universidad de Granada; 2012 [citado 20 de mayo de 2018].
Disponible en: <http://digibug.ugr.es/handle/10481/22229>

18. Gentile A, Cordero ALH. Transición a la vida adulta y políticas de juventud en Suecia: ¿un modelo a seguir? Cuad Investig En Juv [Internet]. 2017 [citado 20 de mayo de 2018];(3):12-26. Disponible en: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6161780>
19. García AF. Metateoría sobre la Juventud en dificultad social. Transición a la vida adulta. Posgrado Soc [Internet]. 2016 [citado 20 de mayo de 2018];14(2):29-37. Disponible en: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5875769>
20. Jackson S, Cameron C. Leaving care: Looking ahead and aiming higher. Child Youth Serv Rev [Internet]. 1 de junio de 2012 [citado 7 de enero de 2018];34(6):1107-14. Disponible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0190740912000643>
21. WFOT. About Occupational Therapy Definition of Occupational Therapy [Internet]. 2010. Disponible en: <http://www.wfot.org/AboutUs/AboutOccupationalTherapy/DefinitionofOccupationalTherapy.aspx>
22. López M, Santos I, Bravo A, Valle JF del. El proceso de transición a la vida adulta de jóvenes acogidos en el sistema de protección infantil. An Psicol [Internet]. enero de 2013 [citado 7 de enero de 2018];29(1):187-96. Disponible en: http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_abstract&pid=S0212-97282013000100022&lng=es&nrm=iso&tlng=pt
23. Miller EA, Paschall KW, Azar ST. Latent classes of older foster youth: Prospective associations with outcomes and exits from the foster care system during the transition to adulthood. Child Youth Serv Rev [Internet]. 1 de agosto de 2017 [citado 20 de enero de 2018];79:495-

505. Disponible en:
<http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0190740917302426>
24. Schwartz-Tayri TM, Spiro SE. The Other Side of the Bridge: A Follow-Up Study of Israeli Young Adults Who Participated in A Transitional Housing Program after Aging Out from Care. *Resid Treat Child Youth* [Internet]. 2 de octubre de 2017 [citado 20 de enero de 2018];34(3-4):311-24. Disponible en:
<https://doi.org/10.1080/0886571X.2017.1334164>
25. AOTA. Children & Youth [Internet]. [citado 7 de enero de 2018]. Disponible en: <https://www.aota.org/Practice/Children-Youth.aspx>
26. WFOT. Declaración de posicionamiento sobre Diversidad y Cultura [Internet]. 2010. Disponible en:
<https://www.apeto.com/assets/posicionamiento-diversidad-y-cultura.pdf>
27. OMS | Constitución de la OMS: principios [Internet]. WHO. [citado 29 de abril de 2018]. Disponible en: <http://www.who.int/about/mission/es/>
28. Bello Gómez S, Fernández Lamas A, Feal Rodríguez P, Pilleiro Pillado G, Romeu Ces T. Ocupación y salud. *TOG* [Internet]. 6 de diciembre de 2010 [citado 22 de abril de 2018];7(6):170-6. Disponible en:
<http://www.revistatog.com/suple/num6/gallegas.pdf>
29. Algado SS. Una terapia ocupacional desde un paradigma crítico. *Rev Electrónica Ter Ocupacional Galicia TOG* [Internet]. 2015 [citado 4 de junio de 2018];2(7 (Monográfico Octubre)):3. Disponible en:
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5435161>
30. Hernández Crispín. Intervención desde la Terapia Ocupacional mediante el juego cooperativo en niños con discapacidad intelectual en pisos tutelados. [Internet] [Trabajo de Fin de Grado]. [Extremadura]: Universidad de Extremadura; 2013. Disponible en:

http://dehesa.unex.es/bitstream/handle/10662/2041/TFGUEx_2014_Hernandez_Crispin.pdf?sequence=1&isAllowed=y

31. Hulley S, Cummings S, Browner W, Thomas N. Diseño en investigaciones clínicas. 4.^a ed. Barcelona: Lippincott Williams & Wilkins; 2014.
32. Instituto Galego de Estatística. Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2017. [Internet]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=0201001002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1373&R=2%5Ball%5D&C=1%5Ball%5D&F=T\[1:0\];9912:15&S=](http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=0201001002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1373&R=2%5Ball%5D&C=1%5Ball%5D&F=T[1:0];9912:15&S=)
33. Cruz Roja. Portada - Familias acogedoras [Internet]. Cruz Roja Galicia. [citado 8 de enero de 2018]. Disponible en: <http://familiasacolledoras.cruzvermella.org/>
34. Ávila Álvarez A, Martínez Piédrola R, Matilla Mora R, Máximo Bocanegra M, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional: Dominio y Proceso. 2da Edición [Traducción]. www.terapia-ocupacional.com [portal en Internet]. 2010 [citado 8 de enero de 2018]. Disponible en: <http://www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf> Traducido de: American Occupational Therapy Association (2008). Occupational therapy practice framework: Domain and process (2nd ed.).
35. Asociación Médica Mundial. Declaración de Helsinki de la AMM- Principios éticos para las investigaciones médicas en seres humanos. [Internet]. 2013. Disponible en: https://www.iis-princesa.org/images/stories/pdf_normativa_publica/Declaracion-Helsinki-2013.pdf
36. Berrueta Maeztu LM, Arrasco Lucero R, Bellido Mainar JR. Principios éticos de la intervención en Terapia Ocupacional. 1 [Internet].

diciembre de 2004; Disponible en:
<http://www.revistatog.com/num1/pdfs/num1art1.pdf>

37. Comité de Ética CSIC. Código de Buenas Prácticas Científicas. [Internet]. Consejo Superior de Investigaciones Científicas; 2010. Disponible en: <http://www.csic.es/etica-en-la-investigacion#BPC>
38. European Agency for Fundamental Rights. Handbook on European law relating to the rights of the child. Luxemburgo; 2015.
39. Jefatura del Estado. Ley 26/2015, de 28 de julio, de modificación del sistema de protección a la infancia y a la adolescencia [Internet]. BOE-A-2015-8470. Sec. Boletín Oficial del Estado ago 18, 2015. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-8470>
40. Jefatura del Estado. Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre de Protección de Datos de Carácter Personal. [Internet]. Boe nº 298 dic 14, 1999. Disponible en: <https://www.boe.es/boe/dias/1999/12/14/pdfs/A43088-43099.pdf>
41. <http://www.ximindex.com> XO source semantic web C for X-. Agencia Española de Protección de Datos [Internet]. [citado 8 de enero de 2018]. Disponible en: <https://www.agpd.es/portaIwebAGPD/temas/reglamento/index-ides-idphp.php>

4. Hipótese:

A forma de crianza dos menores, en acollemento institucional ou en familia biolóxica, afecta ao seu desenvolvemento ocupacional nos anos previos á idade adulta.

5. Obxectivo:

5.1 Obxectivo xeral

Coñecer as ocupacións diferenciais na transición á vida adulta entre os menores que se atopan en réxime de acollemento en comparación co resto da poboación da mesma idade que están en familia biolóxica.

5.2 Obxectivos específicos

- › Profundar nas ocupacións que se realizan durante a transición á vida adulta en cada poboación.
- › Estudar o posible compromiso no desempeño das ocupacións durante esta etapa en relación ao réxime de acollemento no que se criaron.
- › Explorar as posibles implicacións nas ocupacións na adultez que nas que o sistema de protección de menores poida repercutir.
- › Analizar as diferencias na saúde e o benestar percibidos polas poboacións de menores.

6. Metodoloxía

6.1 Tipo de estudo

Levarase a cabo un estudo de tipo transversal³¹, no que se compararán as ocupacións entre os menores en acollida e os menores que residen coa súa familia biolóxica.

Isto aportará o coñecemento máis en profundidade do paso por un centro de acollida en comparación co que se podería considerar a situación máis frecuente e normalizada, crecer coa familia propia.

6.2 Poboación e ámbito de estudo

A poboación de estudo abarca aos menores en situación de acollemento e en familia biolóxica que se atopan na provincia de A Coruña no ano 2019. O estudo levarase a cabo nesta rexión, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos relativos demografía desta, atópanse resumidos na táboa III, elaborada en función aos datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística do ano 2017³².

Idade	Total poboación
Total	1.119.905
0-9	90.509
10-19	89.019
20-29	98.161
30-49	338.256
50-69	303.425
70-mais de 85	200.535

Táboa III. Grupos de idade na provincia da Coruña 2017. Elaboración propia.

Analizando máis en profundidade a provincia da Coruña, podemos ver a súa evolución nos últimos anos na táboa IV, realizada cos datos obtidos no portal de política social da Xunta de Galicia¹⁵. Aquí vemos como o número de menores no sistema de protección aumentou nesta provincia no ano 2015.

Nesta táboa corrobórase a tendencia da que se falou anteriormente na introdución, dunha alza no número de menores institucionalizados e unha diminución no número de familias en global, sendo relevante sinalar que o número de familias alleas que se atopan acollendo menores aumentou dende o 2011 en case 40.

Ano	Residencial	Familiar	
		Extensa	Allea
2015	504	313	106
2014	441	297	89
2013	333	397	92
2012	378	398	83
2011	348	380	68

Táboa IV. Progresión anual nº menores en acollemento provincia de A Coruña 2015. Elaboración propia.

Actualmente na provincia de A Coruña cóntase cun total de 17 centros e de 228 prazas¹⁵. Así mesmo, o organismo encargado de xestionar o acollemento familiar en Galicia é a Cruz Vermella³³.

6.3 Busca bibliográfica

A busca de evidencia científica levouse a cabo nas seguintes bases de datos:

- > Dialnet
- > PubMed
- > Scopus
- > Google Scholar
- > OTseekers

Tamén se realizou a busca dentro do Repositorio da Universidade de A Coruña.

Para a realización das mesmas empregáronse os termos:

- › Terapia Ocupacional/ Occupational Therapy
- › Transición/ transition
- › Etapa adulta/ adultez/ adulthood
- › Efectos a largo prazo/ Long term effects
- › Acogimiento residencial, acogida residencial/ Child residential care
- › Protección de menores, servicio de protección de menores/ Children welfare services

6.4 *Entrada ao campo*

Para a entrada ao campo, en primeiro lugar contarase coa figura dun porteiro, un dos titores deste estudo, que facilitará o contacto cos centros de menores. En canto aos centros de educación secundaria, contactarase telefonicamente. Todos os centros atoparanse na provincia de A Coruña. Neste primeiro contacto, explicaráselles brevemente a finalidade do estudo e pediráselle unha entrevista.

Unha vez nos centros, facilitaráselle a documentación proposta no *apéndice I*, na que se explica a finalidade do estudo e as súas repercusións.

Cando os centros acepten, farase unha charla para os menores, para atraer a aqueles que decidan participar da investigación.

6.5 Estimación do tamaño da mostra

Aceptando un risco alfa de 0.05 e un risco beta de 0.2 nun contraste bilateral, precísanse 93 suxeitos do grupo de menores en acollemento e 93 dos menores en familia biolóxica para detectar como estatisticamente significativa a diferenza entre dúas proporcións, que para o grupo de menores en acollemento se espera que sexa dun 0.5 aproximadamente e no grupo de menores en familia biolóxica sexa de 0.7.

6.6 Selección da mostra

Poboación 1: Menores en acollemento residencial	
Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> › Estar vivindo no momento actual nunha vivenda tutelada. › Estar cursando a Educación Secundaria Obrigatoria nun centro ordinario. 	<ul style="list-style-type: none"> › Ser menor de 16 anos. › Non contar co consentimento do/a titor/a legal. › Non ter a capacidade de entender ou expresarse durante a entrevista.

Táboa V. Criterios menores en acollemento residencial.

Poboación 2: Menores en familia biolóxica	
Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> › Estar vivindo no momento actual cun ou ambos dos seus proxenitores. › Estar cursando a Educación Secundaria Obrigatoria nun centro ordinario 	<ul style="list-style-type: none"> › Ser menor de 16 anos. › Non contar co consentimento do/a titor/a legal. › Non ter a capacidade de entender ou expresarse durante a entrevista. › Ter estado no sistema de protección de menores nalgún momento.

Táboa VI. Criterios menores en familia biolóxica.

6.7 Variables de estudo:

As variables que se teñen en conta para a realización desta investigación están fundamentalmente relacionadas coas áreas definidas no Marco de Traballo de Terapia Ocupacional³⁴, así como coa sensación subxectiva de saúde e benestar. O cuestionario que resume todas estas variables atópase no *apéndice III*. Dentro deste cuestionario recóllense preguntas pechadas e preguntas de resposta múltiple.

As variables a medir resúmense nas táboas que se mostran a continuación:

Tipo de crianza	
<i>Sistema de protección de menores</i>	Menores que se atopan no sistema de protección de menores en réxime de acollida residencial.
<i>Familia biolóxica</i>	Menores que se atopan coas súas familias biolóxicas.

Táboa VII. Tipo de crianza.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

Ocupacións	
<i>Estas preguntas teñen como finalidade coñecer a percepción que os menores teñen sobre o seu desenvolvemento nas actividades que realizan habitualmente.</i>	
<i>Actividades da vida diaria</i>	Actividades cotiás orientadas ao coidado do corpo.
<i>Actividades instrumentais da vida diaria.</i>	Actividades cotiás de apoio na casa e na comunidade.
<i>Descanso e sono</i>	Actividades relacionadas con obter un sono adecuado.
<i>Traballo</i>	Actividades relacionadas con obter ou participar nun traballo remunerado ou voluntariado.
<i>Ocio e tempo libre</i>	Actividades non obrigatorias nas que se participa libremente durante un tempo non comprometido con outras ocupacións.
<i>Participación social</i>	Actividades relacionadas coa interacción na comunidade.

Táboa VIII. Ocupacións.

Saúde e benestar	
<i>Estas preguntas buscan coñecer o estado de saúde e benestar dos menores percibido por eles mesmos.</i>	
<i>Saúde</i>	Preguntas relacionadas co estado de saúde.
<i>Estado de ánimo</i>	Preguntas relacionadas co estado de ánimo (tristeza, apatía).
<i>Benestar</i>	Preguntas relacionadas co benestar da persoa.

Táboa X. Saúde e benestar.

6.8 *Análise estatístico*

Para o análise dos resultados obtidos, utilízase o programa estatístico IBM SPSS versión 24. Neste, crearase unha base de datos en base ás variables mencionadas no apartado anterior, na que se incluírán os resultados obtidos nas enquisas utilizadas para a elaboración do estudo (*apéndice III*).

Unha vez introducidos os mesmos, realízase unha comparación entre ambos grupos en cada unha das variables. Para isto, calcúlanse a media, a mediana e a desviación típica dos resultados obtidos.

Para a comparación das medias das variables entre ambas poboacións, úsase a proba t de Student, mentres que para a asociación de variables cualitativas usarase o test chi cadrado.

6.9 *Limitacións do estudo e aplicabilidade.*

Este estudo poderá contar con diversas limitacións. O feito de que se realice dentro dun área concreta, como a provincia de A Coruña, poderá concorrer cunhas implicacións culturais, xa que o tipo de actividades, a importancia e a execución das mesmas pode variar en función do lugar e a cultura.

Do mesmo xeito, non se contempla neste estudo o análise nin dos menores que se atopan en adopción nin en familias de acollemento. Isto fainos coñecer en mais profundidade unha parte da poboación, aquela que a bibliografía mostraba como a que tiña mais dificultades na etapa adulta en comparación coas outras.

Debe terse en conta tamén o tipo de estudo realizado, que non permite a creación de relacións causais, limitándose a describir e comparar dúas poboacións.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

Este estudo resulta útil para coñecer as posibles áreas nas que crear intervencións na transición á vida adulta e, incluso, intervencións de prevención para que non se mostren esas diferencias ao chegar aos 16 anos entre ambos grupos.

Non soamente pode ser relevante para a terapia ocupacional coñecer estas ocupacións de forma mais detallada, senón que outras disciplinas como traballo social ou psicoloxía se poden ver beneficiadas deste coñecemento ao formar todas parte fundamental do traballo en menores en acollemento residencial.

7. Plan de traballo

Etapa 1

Tempo de desenvolvemento: febreiro-maio 2018.

Características: nesta etapa lévase a cabo a busca bibliográfica correspondente para explorar o estado actual do tema a tratar. Con esta información elabórase a base do traballo e a redacción de toda a documentación que será necesaria, como a carta de presentación, o consentimento informado e a entrevista ocupacional.

Etapa 2

Tempo de desenvolvemento: setembro-novembro 2018.

Características: nesta etapa contáctase cos centros de educación secundaria e cos centros de menores en primeiro lugar, para pedir permiso para impartir a charla informativa.

Nesta etapa tamén se facilita a documentación necesaria (*apéndices I e II*) para que os titores e participantes poidan considerar a unión ao estudo.

Etapa 3

Tempo de desenvolvemento: decembro 2018- xaneiro 2019.

Características: nesta etapa selecciónase a mostra de entre aqueles menores que compren cos criterios de inclusión. Selecciónase un día por centro de educación secundaria e outro por centro de menores para levar a cabo a entrevista ocupacional (*apéndice III*).

Etapa 4

Tempo de realización: febreiro-abril 2019.

Características: Nesta etapa analízanse os datos obtidos e compáranse os resultados entre as dúas mostras participantes. Unha vez analizados e sintetizados os datos e redáctase un artigo que resuma todo o estudo.

7.1 Cronograma

		Febreiro 2018	Marzo	Abril	Maiο	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro 2019	Febreiro	Marzo	Abril
Etapa 1	Busca bibliográfica												
	Redacción documentación												
Etapa 2	Contactar cos centros												
	Facilitar documentación												
Etapa 3	Centro educación secundaria	Selección											
		Entrevista											
	Centro de menores	Selección											
		Entrevista											
Etapa4	Analizar datos												
	Redactar artigo												

Tabla XI. Cronograma.

8. Aspectos éticos

A infancia e a adolescencia son etapas de gran importancia, polo que é fundamental salvagardalas. Para cumprir con este principio, os aspectos éticos desta investigación veríanse rexidos pola Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial para a Investigación en Seres Humanos do ano 2013³⁵, así como polos principios éticos da Terapia Ocupacional³⁶ e polo Código de Boas Prácticas Científicas do CSIC³⁷.

Do mesmo xeito, tense en conta o Manual de lei europea relativa aos dereitos da infancia³⁸ e a Lei de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia^{5,39}.

Por outro lado, dado que se propón a recollida de datos de carácter privado, esta investigación está suxeita á Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal⁴⁰ e ao Regulamento Xeral de Protección de Datos⁴¹.

9. *Conflicto de intereses*

Neste traballo confírmase a inexistencia dun conflito de intereses por parte da investigadora.

10. Plan de divulgación en revistas científicas e congresos

Unha vez realizado o artigo cos resultados da investigación, buscarase difundir en revistas e congresos relacionados da disciplina e de ramas relacionadas, así como a nivel tanto internacional como nacional e comunitario.

10.1 Revistas

› *Revistas nacionais específicas de Terapia Ocupacional:*

Nome	Abreviatura
<i>Revista de Terapia Ocupacional de Galicia TOG.</i>	TOG
Revista de la Asociación Española de Terapeutas Ocupacionales	APETO

Táboa XII. Revistas nacionais terapia ocupacional.

› *Revistas internacionais específicas de Terapia Ocupacional*

Nome	Abreviatura	País	Idioma	JCR	Ranking
Australian Occupational Therapy Journal	Aust. Occup. Ther. J.	Australia	Inglés	1,616	28/65
British Journal of Occupational Therapy	Br. J. Occup. Ther.	Inglaterra	Inglés	0,601	59/65
Canadian Journal of Occupational Therapy	Can. J. Occup. Ther.	Canadá	Inglés	1,255	39/65
Hong Kong Journal of Occupational Therapy	Hong Kong J. Occup. Ther.	China	Inglés	0,25	64/65
Occupational Therapy International	Occup. Ther. Int.	Inglaterra	Inglés	0,78	55/65
Physical & Occupational Therapy in Pediatrics	Phys. Occup. Ther. Pediatr.	USA	Inglés	0,839	105/121
Scandinavian Journal of Occupational Therapy	Scand. J. Occup. Ther.	Inglaterra	Inglés	1,114	47/65
American Journal of Occupational Therapy	Am. J. Occup. Ther.	EEUU	Inglés	2,053	8/70

Táboa XIII. Revistas internacionais terapia ocupacional.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

› *Revistas nacionais non específicas de Terapia Ocupacional*

Nome	Abreviatura	Idioma	JCR	Ranking
Anales de Psicología	An. Psicol.	Español	0,871	65/77
Behavioral Psychology- Psicología Conductual	Behav. Psychol.	Español	1	88/121
Anales de pediatría	An. Pediatr.	Varias	1,14	88/121
Documentos de trabajo social	Doc.Trab.Soc.	Español	-	-

Táboa XIV. Revistas nacionais non específicas terapia ocupacional.

› *Revistas internacionais non específicas de Terapia Ocupacional*

Nome	Abreviatura	País	Idioma	JCR	Ranking
Social science & medicine	Soc. Sci. Med.	Inglaterra	Inglés	2,797	40/176
Social sciences, interdisciplinary	Soc. Sci. J.	Países baixos	Inglés	0,715	60/96
Social science research	Soc. Sci. Res.	EEUU	Inglés	1,327	48/143
Annual Review of Psychology	Annu. Rev. Psychol	EEUU	Inglés	19,95	1/77
Journal of child psychology and psychiatry	J. Child Psychol. Psychiatry	Inglaterra	Inglés	6,226	14/142

Táboa XV. Revistas internacionais non específicas terapia ocupacional.

10.2 Congresos

- › Congreso Internacional de Terapia Ocupacional CITO. Pendente de data e lugar.
- › Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional CIENTO. Pendente de data e lugar.
- › Congreso COTEC-ENOTHE. 23-27 de setembro de 2020. República Checa.
- › XIV Congreso Internacional de Ciencias Sociales Interdisciplinares. Universidad Autónoma Metropolitana Unidad Xochimilco. Ciudad de México, México. 10-12 de xullo de 2019.
- › 2º Congreso Mundial “Infancia Sin Violencia”. Ciudad Autónoma de Buenos Aires, Argentina. 21-23 de agosto de 2019.

10.3 Comunidade

Co fin de dar a coñecer os resultados deste estudo a nivel local, este presentárase en:

- › Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- › Centros de menores.
- › Institutos.
- › Asociacións e entidades que traballan con menores, como a Fundación Meniños ou a Cruz Vermella.
- › Concellos dentro da súa área de Servizos Sociais.

11. Recursos e financiación

11.1 Recursos

Elemento	Descrición	Custo
Material funxible	Folios, fotocopias, bolígrafos, tóner, carpetas.	100€
Material electrónico	Ordenador, impresora.	Propios
Espazo	Aula facilitada polos centros.	0€
Soldo terapeuta	Soldo bruto por convenio a media xornada durante os 12 meses da investigación.	7418€
Dietas, congresos, aloxamento, viaxes e posibles imprevistos.	Gastos relacionados coa divulgación do artigo.	5000€
Imprevistos (2% do total)		250€
TOTAL		12768€

Táboa XVI. Recursos económicos.

11.2 Financiación

Para a realización desta investigación, solicitaríanse axudas na financiación como as propostas a continuación:

Axudas dende o sector público:

- › Premios Razón Abierta, Universidad Francisco de Vitoria coa colaboración coa Fundación Vaticana Benedicto XVI. Categoría: investigación. Importe máximo de 25000€.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

- › Convocatoria de Axudas á Investigación do Centro Raíña Sofía sobre a Adolescencia e a Xuventude. Cuantía máxima de 20000€. Centrado en participación política e social.

Axudas dende o sector privado:

- › Ayudas a la investigación de Ignacio H. de Larramendi, Seguro e Previsión social, Fundación Mapfre. Importe máximo de 15000€ na área de Previsión Social, na que se enmarca este proxecto, cunha duración dun ano.
- › Premio ABC Solidario. Modalidade Voluntariado Universitario, cunha cuantía de 10000€. Orientado a mellorar as condicións de vida de persoas en risco de exclusión social ou desfavorecidas.

12. Apéndices

Apéndice I: Folla de información

Título do estudo

Acollemento residencial vs familia biolóxica: repercusións ocupacionais na transición á etapa adulta.

Investigadora

Patricia López Fontán

Información xeral

Este documento ten como finalidade ofrecerlle a información necesaria para pedirlle a súa autorización e a da persoa responsable, posto que é menor, para recoller os seus datos sobre as ocupacións que realiza de forma xeneralizada tanto agora como na etapa adulta.

Se decide participar, debe percibir a información directamente da profesional que solicita o seu consentimento, en presenza dun responsable, ler previamente este documento e ser libre de preguntar todo o que necesite para comprender os detalles do mesmo.

Pode levarse este documento, consultalo con todas as persoas que precise e tomarse o tempo necesario para decidir se participar ou non.

Esta decisión debe ser libre e voluntaria, tanto pola súa parte como pola do/a representante legal. Pode decidir non participar no proxecto ou retirarse do mesmo en calquera momento se aceptase e logo cambiase de parecer, sen necesidade de dar explicacións e sen que este feito afecte en forma algunha á súa vida.

Propósito do estudo

Este estudo ten por finalidade coñecer as ocupacións diferenciais entre aquelas persoas menores de idade que están preto á transición á etapa

adulto, buscando as similitudes e diferencias entre aqueles que se criaron nun centro de protección de menores e aqueles que se criaron cos proxenitores.

O estudo ten unha duración de media a unha hora, tempo estimado no que se realizará unha entrevista ocupacional escrita.

Que me están solicitando?

Solicítaselle a realización dunha entrevista ocupacional, na que se farán preguntas sobre as rutinas, hábitos, actividades, saúde e benestar coas que conta no momento actual da súa vida

Por que está lendo este papel

Se se lle está facilitando esta folia de información é porque se considera que sería unha persoa adecuada para a participación deste estudo, sendo

a) Un menor no sistema de protección de menores da provincia de A Coruña, que neste momento conta cunha idade estimada de 16 a 18 anos.

b) Un menor en centro ordinario de educación secundaria que vive con un ou varios proxenitores na provincia de A Coruña, que neste momento conta cunha idade estimada de 16 a 18 anos.

b) O representante legal dun menor que conta coas características anteriormente mencionadas.

Suporame un problema participar?

O único problema que respecta á participación é o tempo dedicado a cumprimentar a entrevista e a avisar á investigadora en caso de calquera cambio relevante. Non debería supor ningún inconveniente mais derivado deste estudo.

Que vai ser da miña información persoal?

Toda a información facilitada está suxeita á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Esta información é estritamente confidencial e soamente se usará de forma totalmente anónima para a realización do estudo, usando a información en conxunto co resto de participantes.

En ningún momento se mencionará o seu nome ou datos cos que se lle poida recoñecer nin o seu perfil.

A información será recollida de forma estritamente escrita, a non ser en casos nos que non se poida realizar deste modo, como por diversidade funcional ou por dificultades na comprensión lingüística. Nestes casos, contarase cun dispositivo móbil con gravadora.

E se non quero participar?

A participación é totalmente libre, sen coacción nin prexuízo de ningún tipo. Agradecemos a participación, posto que dela podemos sacar información moi valiosa que permitirá coñecer mellor unha realidade pouco estudada, pero é total e absolutamente voluntaria a participación no mesmo.

Se empezo o estudo pero non quero continuar?

No caso de que, ao longo do proceso, decida que non quere seguir e quere a retirada do estudo, non haberá ningún problema nin empeorará en ningún punto a súa situación. En calquera momento pode retirarse, contactando coa investigadora a través do correo que se facilita ao final deste documento.

Que se vai facer cos datos recollidos

Os datos analizaranse, coa intención de sacar conclusións que poidan ser útiles para coñecer mellor a realidade dos menores en acollida en comparación cos menores en familia biolóxica.

Estes datos publicaranse en revistas científicas de ámbito nacional e internacional, tanto de terapia ocupacional como de outras disciplinas, así como a exposición en congresos.

Quero coñecer os resultados do estudo.

No momento en que estean analizados os resultados enviaránselle ao correo facilitado ou, se o desexa, a través dunha chamada, sempre que así llo solicite á investigadora. Estes resultados serán globais e xerais de toda a poboación analizada e divulgaranse en varias revistas científicas e congresos.

Percíbese algún aliciente económico pola participación no estudo?

Ningunha das persoas participantes ou das profesionais que o levarán a cabo percibirán ningunha compensación económica relacionada coa realización do mesmo.

Para calquera dúbida.

Podes poñerte en contacto coa investigadora no correo p.fontan@udc.es.

Moitas grazas pola colaboración e esperamos que se anime a participar!

Apéndice II: Consentimento informado

Título:

_____, con DNI/pasaporte nº _____, acepto libremente e sen atoparme baixo ningún tipo de coacción a participación no presente estudo, tras ter lido a folla de información asociadas.

Son consciente de que podo retirarme en calquera momento, sen necesidade de dar explicacións e que este feito non afectará á miña vida de ningunha maneira negativa.

Así mesmo, acepto as condicións para o uso dos meus datos baixo os supostos detallados no devandito documento.

Titoría legal da persoa menor de idade:

_____, con DNI/pasaporte nº _____, como representante legal da persoa anteriormente mencionada, acepto a participación da mesma no estudo, baixo os supostos concretados na folla de información.

Asdo: Participante

Asdo: Investigadora

Asdo: titor/a

A _____ de _____ de 20__ en _____

Apéndice III: Entrevista ocupacional.

Nome:

As seguintes preguntas están enfocadas a coñecer un pouco mellor o nivel de satisfacción e as actividades que ocupan o tempo de menores en acollemento ou que están cunha familia biolóxica.

No caso de que non consideres unha pregunta relevante, te incomode ou desexes non continuar, simplemente para e entrega o cuestionario á investigadora. Do mesmo xeito, se tes calquera dúbida ou inquietude, dirixete a ela.

Actividades da vida diaria (AVD):

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 5 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación en actividades como:

Ducharte									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Lavar os dentes									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Comer									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Vestirte									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Facer uso do WC, entre outras									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Actividades instrumentais da vida diaria (AIVD)

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 5 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación en actividades como:

Usar o transporte público e privado									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Coidar de outras persoas ou animais									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Cociñar									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Xestionar os cartos									
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Descanso e sono

Escolle a opción que mellor se axuste á túa situación actual, en referencia ás horas de descanso e sono.

1. Máis de 8 horas de sono diarias
2. De 6 a 8 horas de sono diarias
3. Menos de 5 horas de sono diarias, con un aumento algún día da semana.
4. Menos de 5 horas de sono diarias, sen un aumento algún día da semana.
5. Menos de 3 horas de sono diarias, cun aumento algún día da semana.
6. Outros (sinalar cal):

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 10 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

como valorarías a túa participación nas actividades relacionadas con durmir e descansar, incluíndo a preparación para as mesmas. Ten en conta a frecuencia coa que realizas estas e outras actividades relacionadas.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Educación

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 10 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación nas actividades relacionadas coa participación na educación formal (ir á escola, universidade, cursos).

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Ou informal (aprender por conta propia). Ten en conta a frecuencia coa que realizas estas e outras actividades relacionadas .

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Traballo:

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 10 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación nas actividades relacionadas co traballo ou voluntariado, incluíndo a busca activa de emprego. Ten en conta a frecuencia e o tempo que dedicas a estas e outras actividades relacionadas. No caso de que non traballes ou realices actividades de voluntariado ou busca de emprego, debido a estar estudando, deixa esta pregunta en branco.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Lecer e tempo libre

Escolle as opcións que mellor se axusta á túa situación actual, en relación á participación en actividades de lecer e no uso do tempo libre:

1. Formar parte dalgunha asociación (deportiva, musica, etc).
2. Facer deporte, música, etc. de forma independente.
3. Adoitar a ler, escribir, xogar a videoxogos ou actividades fundamentalmente solitarias.
4. Adoitar a participar de actividades de lecer online como videoxogos cooperativos, redes sociais, etc.
5. Preferencia por actividades de lecer relacionadas co sector servizos (bares, restaurantes, etc).
6. Quedadas coas amizades, de forma informal.
7. Outros (sinalar cal):

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 10 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación nas actividades relacionadas coa busca e a participación de lecer e coa organización en tempo dos mesmos. Ten en conta a frecuencia e o tempo que dedicas a estas e outras actividades relacionadas.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Participación social

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é nada satisfeito/a e 10 é extremadamente satisfeito/a, indica cruzando o número correspondente como valorarías a túa participación nas actividades relacionadas coa participación na comunidade, con amizades ou coa familia. Ten en conta a frecuencia e o tempo que dedicas a estas e outras actividades relacionadas.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Saúde e benestar

As seguintes preguntas están relacionadas con factores de saúde e co benestar autopercebido. Se non te sentises cómodo/a con algunha podes deixala en branco e pasar á seguinte. Como se comentou anteriormente, se non queres continuar co cuestionario, podes parar no momento en que o necesites e entregarllo á investigadora.

Saúde

Escolle a opción que mellor se axuste á túa situación actual:

1. Non padezo de ningún tipo de dor, malestar ou enfermidades crónicas ou agudos de forma recorrente.
2. Padezo máis de 5 veces ao mes de dores, malestares ou enfermidades.
3. Padezo máis de 10 veces no mes de dores, malestares ou enfermidades.
4. Padezo máis de 20 veces no mes de dores, malestares ou enfermidades.
5. Padezo de dores malestares ou enfermidades crónicas.

Institucionalización vs familia biolóxica: ocupación e transición á adultez

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é moi mala e 10 é extremadamente boa, indica cruzando o número correspondente como percibes a túa saúde actual.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Estado de ánimo

Escolle a opción que mais se axuste á túa situación actual.

1. Sentirse triste, apagado/a ou axitado/a case todos os días, debido a unha situación concreta.
2. Sentirse triste, apagado/a ou axitado/a case todos os días, sen un motivo concreto.
3. Sentirse triste, apagado/a ou axitado/a un par de veces á semana, por un motivo concreto.
4. Sentirse triste, apagado/a ou axitado/a un par de veces á semana, sen un motivo concreto.
5. Nunca sentirse triste, apagado/a ou axitado/a, e se ocorre débese a algunha situación concreta.

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é moi mala e 10 é extremadamente boa, indica cruzando o número correspondente como percibes o teu estado de ánimo actual.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Benestar

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é moi mala e 10 é extremadamente boa, indica cruzando o número correspondente como de satisfeito/a estás actualmente coa túa vida.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Institucionalización vs familia biológica: ocupación e transición á adultez

Nunha escala do 1 ao 10 no que o 1 é moi mala e 10 é extremadamente boa, indica cruzando o número correspondente como de satisfeito/a estás actualmente contigo mesmo/a.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----